

REGULAMENTO DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA – UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aprobado na Xunta de Goberno de 22 de decembro de 1998

TITULO I: DEFINICIÓN, ESTRUCTURA E FUNCIÓNS

Art.1º

A Biblioteca Universitaria é unha unidade funcional de apoio á docencia e á investigación. Está integrada por tódolos fondos documentais (manuscritos, impresos, audiovisuais ou en calquera outro soporte), sen prexuízo do establecido nos Estatutos da Universidade para o Arquivo Universitario, adquiridos polos distintos organismos universitarios, calquera que sexa o concepto orzamentario co que se adquiran, polos procedentes de legados, doazóns e intercambio e polos adquiridos por outros organismos en favor da Universidade.

Art.2º

A Biblioteca Universitaria, sen perde-lo seu carácter funcional, estruturarase de acordo a criterios de territorialidade ou especialización das coleccións e/ou servicios, estando constituída por:

a) A Biblioteca Xeral, cabeceira do sistema onde se reunirán os servicios xerais e a xestión centralizada.

A Biblioteca Xeral estará constituída polos fondos seguintes: Biblioteca América, Biblioteca Lago, manuscritos, incunables, fondos históricos, obras de referencia interdisciplinar, obras relativas a Galicia, hemeroteca, coleccións de mapas e gravados, obras directamente relacionadas coa formación profesional dos bibliotecarios, coleccións xerais que contribúan á formación integral dos estudantes, e coleccións que representan a historia da investigación e a docencia da Universidade.

b) As Bibliotecas de Centro ou, no seu caso, as Bibliotecas Intercentros, relacionadas no Anexo, que estarán constituídas polo conxunto dos fondos conservados no seu ámbito, e que terán fundamentalmente un carácter especializado no eido da investigación e da docencia da que son apoio.

c) As Bibliotecas de Institutos e outros servicios universitarios, que estarán adscritas a algunha das Bibliotecas de Centro ou Bibliotecas Intercentros coas que garden maior afinidade, ou, no caso de seren interdisciplinares, á Biblioteca Xeral.

Art.3º

Son funcións da Biblioteca Universitaria:

a) O desenvolvemento das coleccións documentais e o seu mantemento nos aspectos de prevención, conservación e restauración.

b) Procesar os fondos documentais mediante normas e formatos de alcance internacional. O catálogo da Biblioteca Universitaria incluírá tódolos fondos das Bibliotecas referidas no Anexo 1 deste Regulamento e as súas actualizacións posteriores.

c) Facilitar ós usuarios a consulta das coleccións documentais con suxección ó disposto no presente regulamento.

d) Difundir os fondos documentais e bibliográficos da Universidade e poñer a disposición desta a información dispoñible noutras Bibliotecas e Centros de Documentación.

e) Participar en redes, programas e convenios que potencien os fins mencionados.

TITULO II: COMISIÓNS E DIRECCIÓN DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Art.4º

A Comisión da Biblioteca Universitaria estará formada por:

- a) O Rector ou persoa en quen delegue, que actuará como Presidente.
- b) O/A Director/a da Biblioteca Universitaria.
- c) Os/As Presidentes das Comisións de Bibliotecas dos Centros.
- d) 7 representantes da Biblioteca Universitaria, incluídas as Subdireccións; os restantes serán elixidos entre o persoal da Biblioteca Universitaria, por un período de 3 anos. Un/unha dos/das Subdirectores/as actuará como secretario da comisión.
- e) Representantes dos alumnos/as nunha proporción do 30%, elixidos entre o alumnado que forme parte das Comisións de Bibliotecas dos Centros, dos que un 20 % serán do primeiro e segundo ciclos, o 10 % de bolseiros/as e de alumnos/as do terceiro ciclo.

Art.5º

Serán funcións da Comisión da Biblioteca Universitaria:

- a) Propoñer e informa-las directrices xerais da política bibliotecaria.
 - b) Elaborar o proxecto de Regulamento ou as súas modificacións, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno, e velar polo seu cumprimento.
 - c) Propoñer á Xunta de Goberno a creación, transformación ou supresión de bibliotecas.
 - d) Aproba-lo anteproxecto de presuposto elaborado pola Dirección da Biblioteca Universitaria e propoñe-los criterios de distribución do mesmo á Xunta de Goberno.
 - e) Aproba-las liñas xerais de desenvolvemento das coleccións da Biblioteca Universitaria.
 - f) Aproba-la política de adquisicións da Biblioteca Xeral.
 - g) Aproba-la Memoria anual da Biblioteca Universitaria.
 - h) Asesorar nas diferencias de criterio que poidan xurdir nas relacións entre a Biblioteca Universitaria e calquera membro ou grupo da Universidade e que non poidan resolverse aplicando este Regulamento.
 - i) Propoñer e informa-las medidas previstas no artigo 38º do presente regulamento.
- a) h) Asesorar e elevar propostas en tódolos asuntos que pola súa importancia se considere necesario someter á súa consideración.

Art. 6º

A Comisión da Biblioteca Universitaria poderá delegar algunha das súas funcións en Subcomisións constituídas por parte dos seus membros, para a realización de propostas á Comisión da Biblioteca Universitaria.

Art. 7º

A Comisión reunirse coma mínimo 2 veces ó ano, e cantas veces se considere necesario por decisión do seu Presidente ou por pedimento de alomenos un tercio dos seus membros.

Art. 8º

A dirección da Biblioteca Universitaria terá que recaer nun membro da Escala de Facultativos de Arquivos e Bibliotecas. A provisión da praza de director farase mediante o procedemento de libre designación en convocatoria pública.

A dirección da Biblioteca Universitaria dependerá orgánicamente da Xerencia e funcionalmente do Vicerrectorado de Investigación e Terceiro Ciclo.

Art. 9º

Serán funcións da Dirección da Biblioteca Universitaria:

- a) Dirixir a Biblioteca Universitaria.
- b) Planificar, xestionar, controlar e avalia-las actividades da Biblioteca Universitaria, de acordo coas directrices aprobadas pola Comisión da Biblioteca Universitaria.
- c) A dirección e coordinación das diversas unidades bibliotecarias.

- d) Redacta-lo anteproxecto razoado do presuposto da Biblioteca Universitaria.
- e) Redacta-la Memoria anual da Biblioteca Universitaria.
- f) Informa-la programación de edificios, instalacións e equipamento da Biblioteca Universitaria.
- g) Elabora-la política de desenvolvemento das coleccións da Biblioteca Universitaria, recollendo as iniciativas da comunidade universitaria, e executalas trala súa aprobación pola Comisión.
- h) Fomenta-las doazóns de acordo coas liñas de desenvolvemento das coleccións documentais.
- i) Promove-la incorporación de novas tecnoloxías ós Servicios bibliotecarios, mediante a avaliación, selección e posta en marcha das mesmas.

Art. 10º

Serán funcións das Subdireccións da Biblioteca Universitaria:

- a) Colaborar na dirección e coordinación das unidades e servizos bibliotecarios.
- b) Asumi-las tarefas delegadas pola dirección de acordo ás necesidades funcionais.
- c) Sustituir ó/á Director/a nas súas ausencias.

Art. 11º

As Comisións de Bibliotecas dos Centros estarán formadas por:

- a) O/A Decano/a, Director/a ou persoa na que delegue, que actuará como Presidente.
- b) O/A Director/a da Biblioteca de Centro ou Intercentro ou o bibliotecario encargado da mesma.
- c) Profesores/as, dos Departamentos que impartan docencia no Centro, da forma que determine a Xunta do Centro e sempre que formen parte da mesma.
- d) 1 Representante, no seu caso, da Biblioteca do Instituto ou Servicio universitario adscrito.
- e) Representantes do alumnado en nunha proporción do 30% dos membros da Comisión. Estes representantes serán elixidos entre o alumnado que forme parte da Xunta de Centro, dos que un 20 % serán do primeiro e segundo ciclo, o 10% de bolseiros/as e alumnos/as do terceiro ciclo.

Art. 12º

Serán funcións das Comisións de Bibliotecas dos Centros non integradas en Bibliotecas Intercentros:

- a) Aproba-la política de desenvolvemento das coleccións e distribuí-lo presuposto no ámbito da súa competencia, de acordo coas liñas xerais emanadas da Comisión da Biblioteca Universitaria.
- b) Elabora-las normas de funcionamento dos servizos bibliotecarios no marco do presente Regulamento. Estas normas estarán a disposición do público en cada Biblioteca.
- c) Aproba-lo informe anual da súa Biblioteca e elevalo á Dirección da Biblioteca Universitaria.
- d) Asesorar nas diferencias de criterio que poidan xurdir entre a Biblioteca e calquera dos seus usuarios.
- e) Propoñe-las medidas previstas no artigo 38 do presente regulamento.
- f) Asesorar en tódolos asuntos que pola súa importancia se considere necesario someter á súa consideración.
- g) Garantir, en réxime de consulta e/ou empréstimo, un número de exemplares axeitado da bibliografía obrigatoria de todas as materias para o alumnado universitario

Art. 13º

Será función das Comisións das Bibliotecas de Centros integradas nunha Biblioteca Intercentros aproba-la política de desenvolvemento das coleccións e distribuí-lo presuposto no ámbito da súa competencia, de acordo coas liñas xerais emanadas da Comisión da Biblioteca Universitaria.

Art. 14º

As Comisi3ns das Bibliotecas Intercentros estar3n formadas por:

- a) Os/As Presidentes/as das Comisi3ns de Bibliotecas dos Centros integradas na Biblioteca Intercentros, un dos cales actuar3 como Presidente. A presidencia da Comisi3n Intercentros ser3 rotatoria, con car3cter bianual, entre as diferentes Facultades e/ou Escolas.
- b) O/A Director/a da Biblioteca Intercentros.
- c) 1 Profesor/a por cada unha das Comisi3ns de Biblioteca de Centros que formen parte da Biblioteca Intercentros.
- d) 1 representante do persoal da Biblioteca Intercentros, elixido por un per3odo de 3 anos.
- e) 1 Alumno/a de primeiro e segundo ciclo por cada unha das Comisi3ns de Biblioteca de Centros que formen parte da Biblioteca Intercentros.
- f) 1 alumno/a en representaci3n de bolseiros/as e terceiro ciclo membro das Comisi3ns de Bibliotecas de Centros que formen parte da Biblioteca Intercentros.

Art. 15º

Ser3n funci3ns das Comisi3ns das Bibliotecas Intercentros:

- a) Elabora-las normas de funcionamento dos servicios bibliotecarios no marco do presente Regulamento. Estas normas estar3n a disposici3n do p3blico en cada Biblioteca.
- b) Aproba-lo informe anual da s3a Biblioteca e elevalo 3 Direcci3n da Biblioteca Universitaria.
- c) Asesorar nas diferencias de criterio que poidan xurdir entre a Biblioteca e calquera dos seus usuarios.
- d) Prop3ne-las medidas previstas no artigo 38º do presente regulamento.
- e) Asesorar en t3dolos asuntos que pola s3a importancia se considere necesario someter 3 s3a consideraci3n.
- f) Garantir, en r3xime de consulta e/ou empr3stito, un n3mero de exemplares axeitado da bibliograf3 obrigatoria de todas as materias para o alunado universitario

Art. 16º

O/A Presidente/a da Comisi3n da Biblioteca Universitaria e o/a Director/a ou os/as Subdirectores/as da Biblioteca Universitaria poder3n asistir 3s reuni3ns das Comisi3ns de Biblioteca dos Centros ou das Bibliotecas Intercentros a pedimento propio ou a pedimento das Comisi3ns.

Art. 17º

As Comisi3ns de Biblioteca dos Centros ou de Bibliotecas Intercentros reuniranse coma m3nimo 2 veces 3 ano e cantas veces sexa necesario por decisi3n do seu Presidente ou a pedimento de polo menos un tercio dos seus membros.

Art. 18º

Ser3n funci3ns das Direcci3ns das Bibliotecas de Centro ou das Bibliotecas Intercentros:

- a) Responsabilizarse da execuci3n da pol3tica bibliotecaria no centro, diante do decano ou director e da direcci3n da Biblioteca Universitaria.
- b) Executa-la pol3tica de desenvolvemento das coleccións da Biblioteca.
- c) Organizar e supervisa-las tarefas do persoal adscrito a s3a biblioteca.
- d) Xestiona-las partidas orzamentarias destinadas a Biblioteca.
- e) Elabora-la memoria anual, as3 como os informes que lle sexan encomendados

Art. 19º

A Xunta T3cnica da Biblioteca Universitaria ter3 como funci3n asesorar en t3dalas cuesti3ns de car3cter t3cnico e r3xime interno da Biblioteca Universitaria. Estar3 formada por

- a) O/A Director/a da Biblioteca Universitaria que actuar3 coma Presidente.
- b) As Subdirecci3ns da Biblioteca Universitaria.

- c) As Xefaturas de Sección da Biblioteca Universitaria.
- d) As Direccións das Bibliotecas de Centro e das Bibliotecas Intercentros.

Art.20º

O/A Presidente/a da Comisión da Biblioteca Universitaria poderá asistir ás reunións da Xunta Técnica, a pedimento propio ou da Xunta Técnica.

Art.21º

A Xunta Técnica reunirase alomenos 2 veces ó ano, e cantas veces sexa necesario a pedimento do seu Presidente ou polo menos un tercio dos seus membros.

TITULO III: DO ORZAMENTO

Art.22º

A Biblioteca Universitaria contará con cantidades presupostarias específicas incluídas nos presupostos ordinarios da Universidade, nos que deben figurar partidas de gasto nas aplicacións de adquisición de fondos e servicios documentais, equipamento, material e comunicacións.

Art.23º

A Biblioteca Universitaria xestionará as cantidades orzamentarias dos Centros, Departamentos, Proxectos, Institutos e Servicios destinadas ó incremento dos fondos documentais, previa decisión dos responsables das partidas presupostarias correspondentes.

Art.24º

Para a tramitación ou pago de facturas de fondos bibliotecarios os Servicios económicos requirirán o selo da Biblioteca e a sinatura da Dirección da Biblioteca de Centro ou da Biblioteca Intercentros.

Art.25º

A Biblioteca Universitaria poderá beneficiarse doutros investimentos financeiros, procedentes da propia Universidade ou de persoas e institucións alleas a ela.

TITULO IV: PERSOAL

Art.26º

A Biblioteca Universitaria deberá contar co persoal seguinte:

- a) Persoal técnico dos Corpos e Escalas de Facultativos e Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos.
- b) Persoal administrativo.
- c) Persoal de servicios, formado por persoal funcionario e persoal laboral ó efecto.

Art.27º

Todo o persoal adscrito á Biblioteca Universitaria terá a obriga de atende-los usuarios da mesma dentro das funcións que lles correspondan.

TITULO V: USUARIOS/AS E SERVICIOS

Art.28º

Son usuarios/as propios da Biblioteca Universitaria:

- a) Persoal docente e investigador da USC e Centros adscritos.
- b) Alumnos/as de calquera das actividades docentes impartidas pola USC e Centros adscritos.
- c) Persoal de administración e servicios da USC.

Ademais poderán utiliza-los Servicios da Biblioteca Universitaria:

- d) Membros doutras institucións coas que a USC teña asinados convenios que así o establezan.
- e) Persoas non incluídas nos apartados anteriores que cumpran os requisitos que estableza a Comisión da Biblioteca Universitaria.

Art.29º

Os usuarios propios da Biblioteca Universitaria terán os seguintes dereitos:

- a) Acceder en condicións razoables á consulta e estudio dos fondos e documentos bibliográficos que constitúen a Biblioteca da Universidade, así coma ós demais servicios que esta presta.
- b) Recibir información, asesoramento e colaboración na localización e acceso a fontes bibliográficas e documentais.
- a) Recibi-la formación básica para a utilización de cada un dos servicios.
- c) Presentar solicitudes de fondos bibliotecarios. A selección dos fondos será realizada de acordo ós criterios aprobados pola Comisión da Biblioteca Universitaria e das Comisiós das Bibliotecas de Centro.

Os restantes usuarios autorizados da Biblioteca Universitaria terán dereito a aqueles servizos que a Comisión de Biblioteca estableza para cada grupo de usuarios externos.

Art.30º

Os usuarios da Biblioteca Universitaria terán os seguintes deberes:

- a) Respetar-la integridade e o estado das instalacións da Biblioteca Universitaria, así como os fondos e documentos que a compoñen.
- b) Cumpli-las disposicións que regulan os distintos servicios da Biblioteca e, en especial, as normas establecidas para o préstamo de fondos e documentos.
- c) Colaborar cos servicios da Biblioteca Universitaria para manter un correcto funcionamento do servizo, evitando calquera conducta que poida menoscabar o seu desenvolvemento. Absterse de utilizar servicios ou prestacións ás que non estea autorizado acceder.
- d) Presenta-la súa carta de lector sempre que o persoal da Biblioteca lla requira.

Art.31º

Os servicios da Biblioteca Universitaria considerados básicos e que a Dirección da Biblioteca Universitaria garantirá na medida en que os seus medios humanos e materiais llo permitan, son:

- a) Información bibliográfica, referencia e acceso ó documento.
- b) Consulta en Sala.
- c) Préstamo.

Algúns destes servicios poderán estar suxeitos á aplicación de tarifas, especialmente para os usuarios que non sexan membros da comunidade universitaria. As tarifas serán aprobadas pola Xunta de Goberno da USC.

Como mínimo a consulta en sala e o préstamo realizaránse en horario de 8,30 a 21,30 durante todos os meses agás os períodos de redución de horario do persoal da Biblioteca, período no que haberá servizo de mañán e tarde cando menos no mes de Xullo. A Comisión de Biblioteca deberá ser consultada para outros servizos de apertura distintos ós aquí establecidos.

Art.32º

O Servizo de Información bibliográfica, Referencia e Acceso ó documento terá as seguintes funcións:

- a) O desenvolvemento de coleccións que permitan o control da información bibliográfica e documental, así coma a súa localización.
- b) A información bibliográfica e documental.
- c) A difusión dos fondos existentes na Biblioteca Universitaria.
- d) A formación de usuarios.
- e) O suministro de copias dos documentos orixinais existentes na Biblioteca Universitaria, dentro do marco das directrices estatais e internacionais sobre os dereitos de autor.
- f) O acceso ós documentos non existentes na Biblioteca Universitaria a través do Préstamo Interbibliotecario.
- g) En xeral, tódalas tarefas que contribúan ó mellor aproveitamento e difusión dos fondos.

Art.33º

En tódalas Bibliotecas que conforman a Biblioteca Universitaria existirá o Servizo de Consulta en Sala para a consulta de calquera dos seus fondos, sexa na súa forma orixinal, ou en reprodución cando as condicións da obra así o aconsellen.

Para a utilización deste servizo será necesario acreditar a condición de usuario da Biblioteca Universitaria.

Art.34º

Poderán emprestarse fóra das instalacións da Biblioteca Universitaria tódolos fondos documentais coas excepcións seguintes:

- a) Manuscritos.
- b) Incunables.
- c) Obras editadas entre 1500 e 1958.
- d) Publicacións periódicas.
- e) Obras de referencia.
- f) Estampas, debuxos e mapas
- g) Obras de singular ou especial valor, pola súa calidade tipográfica ou de ilustración, ou por estaren esgotadas.

Art.35º

O Rector, co informe previo da Dirección da Biblioteca Universitaria, poderá autorizar a cesión temporal dalgunha das obras incluídas no artigo anterior para Exposicións, reproducións facsimilares, etc.

Art.36º

Como norma xeral establécense os seguintes períodos e número de obras emprestadas :

- a) Agás os libros de apoio á docencia, que se prestarán no mesmo réxime que ó alumnado dos primeiros ciclos, o profesorado, investigadores/as, alumnado de terceiro ciclo e personal da Biblioteca da USC terán os seguintes tipos de préstamo:
 - Préstamo habitual: 10 volumes durante 1 mes
 - Préstamo cuatrimestral: 20 volumes durante 120 días
 - Préstamo especial: dirixido ó apoio á actividade investigadora: 70 volumes durante 1 ano.

O préstamo especial poderá aplicarse tamén ós fondos adquiridos con cargo a recursos externos á Universidade (proxectos, convenios, cursos...), que estarán a disposición preferente da unidade investigadora mentras dure o proxecto, convenio, etc..

b) Alumnos/as de 1º e 2º ciclo e PAS da USC:

- Préstamo habitual: Entre 2 ou 3 volumes durante 4 ou 10 días, dependendo da amplitude das coleccións en cada punto de servizo
- Préstamo especial: 3 volumes durante 15 días. Naqueles casos en que as demandas de información o esixan e as condicións da Biblioteca o permitan.

Art.37º

Os usuarios que estean en situación de incumprimento dos prazos de préstamo non poderán dispoñer deste servizo en tanto non devolvan as obras emprestadas.

Se as obras emprestadas se extraviasen ou deteriorasen no poder do prestameiro, este deberá reemprazalas por outras novas. Cando a obra non poida ser reemprazada, o prestameiro estará na obriga de indemnizar á Biblioteca polo dobre do prezo de mercado da obra extraviada ou, no seu defecto, polo dobre do prezo medio dos libros ingresados na Biblioteca no último ano.

Art.38º

Á proposta das Comisións de Biblioteca ou da Dirección da Biblioteca Universitaria, poderase impedir, polo Rector da Universidade e previo informe da Comisión da Biblioteca Universitaria, a utilización temporal dos servizos bibliotecarios ás persoas que infrinxan este Regulamento, segundo a reiteración e a gravidade dos casos e sen perxucio das responsabilidades legais a que houbere lugar.

Disposición derogatoria

O presente regulamento deroga as Normas Provisorias da Biblioteca Universitaria, aprobadas por a Xunta de Goberno de 27 de setembro de 1991.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte á aprobación pola Xunta de Goberno.

ANEXO

Bibliotecas Intercentros

- Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo
- Biblioteca Intercentros das Facultades de Dereito, CC. Políticas e E.U. de Relacións Laborais
- Biblioteca Intercentros das Facultades de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía
- Biblioteca Intercentros da Facultade de Física e da E.U. de Óptica e Optometría
- Biblioteca Intercentros das Facultades de Xeografía e Historia e CC. da Información

Bibliotecas de Centros

- Biblioteca da Facultade de Bioloxía
- Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais
- Biblioteca da Facultade de Farmacia
- Biblioteca da Facultade de Filoloxía
- Biblioteca da Facultade de Matemáticas
- Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía
- Biblioteca da Facultade de Química
- Biblioteca da E.U. de Enfermería
- Biblioteca da E.U. de Formación do Profesorado de E.X.B. (Campus de Lugo)

Bibliotecas de Institutos e Servicios

- Biblioteca do Instituto da Lingua Galega, adscrita á Biblioteca da Facultade de Filoloxía
- Biblioteca do Instituto de Ciencias da Educación, adscrita á Biblioteca das Facultades de Filosofía, CC. Da Educación e Psicoloxía.
- Biblioteca do Instituto de Dereito Industrial, adscrita á Biblioteca Intercentros das Facultades de Dereito, CC. Políticas e E.U. de Relacións Laborais.
- Biblioteca do IDEGA, adscrita á Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais.
- Biblioteca do Instituto de Ciencias Neurolóxicas "Pedro Barrié de la Maza", adscrita á Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía.
- Biblioteca do Arquivo Universitario, adscrita á Biblioteca Xeral.
- Biblioteca do Museo de Historia Natural "Luis Iglesias", adscrita á Biblioteca da Facultade de Química.
- Biblioteca do Observatorio Astronómico "Ramón M^a Aller", adscrita á Facultade de Matemáticas